Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 4 DE NOVEMBRO DE 2026 | MIÉRCOLES, 4 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 211

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEDA

Exposición pública do padrón fiscal da taxa polos servizos de escolas deportivas e utilización do pavillón de setembro de 2026

Anuncio de cobranza dos padróns fiscais de setembro de 2026 correspondentes a: Persoas usuarias escolas deportivas, culturais e ximnasio e utilización instalacións do pavillón polideportivo.

Polo acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de outubro de 2026 aprobáronse os padróns fiscais, correspondentes ao mes de setembro de 2026, das taxas polos servizos de escolas deportivas, culturais e ximnasio e da taxa pola utilización das instalacións do pavillón polideportivo municipal.

Exposición: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación deste Edicto no BOP, feito o cal pasaranse o cobro.

Cobro: A recadación do importe da taxa será mensual e levarase a cabo polo Concello mediante recibo. O cobro farase de forma preferente mediante domiciliación bancaria, para o cal no momento en que se presenta a solicitude de alta en calquera das escolas, asinarase polo contratante o correspondente impreso de domiciliación, no que se conteña unha cláusula que manteña a validez da dita domiciliación ata en tanto polo concello non se lle comunique o establecemento bancario a cancelación da mesma. Non obstante o anterior o cobro dos recibos tamén poderá realizarse por presentación no domicilio dos abonados.

En canto as taxas pola utilización do pavillón e campo de fútbol, una vez confeccionado o padrón das persoas e entidades autorizadas mensualmente, pasarase a coñecemento da Xunta de Goberno para a súa aprobación, e no caso de discrepancia algunha por parte dos afectados coas liquidacións efectuadas, haberá un prazo de cinco días para emendalas, feito o cal abrirase novo prazo para o pago do dito importe.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

Prazo de cobro: En período voluntario, será de dous meses contados a partir do día seguinte á publicación no BOP. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Durante o período de exposición pública contra os recibos incluídos nos respectivos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

Carga de recibos domiciliados: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

No caso dos recibos que se presenten o cobro en establecementos bancarios e sexan devoltos por inexistencia de fondos, o débito notificarase ao abonado, quen poderá facelo efectivo na conta bancaria de titularidade municipal, que se lle indique, no prazo de quince días hábiles sen ningunha recarga, pasado o mesmo procederase a efectuar os trámites para o cobro pola vía executiva coas recargas establecidas pola lexislación vixente.

Recursos: Contra as débedas consignadas no padrón contributivo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

-Reposición: perante a Xunta de Goberno Local deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

-Contencioso-administrativo: perante o Tribunal de Instancia sección contencioso-administrativa de Ferrol, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición se é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.

-Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

Vila de Neda, 29 de outubro de 2026

O alcalde

Angel Alvariño Saavedra

2026/7090

Número de anuncio 2026/7090